



## Concello de Vigo

**D. CARLOS LÓPEZ FONT, CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **8 de agosto de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

### **13.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME EN RÚAS DE DIVERSAS PARROQUIAS DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 1950/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.08.13, o informe de fiscalización do 7.08.13, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 9.07.13, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda e o concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar a contratación das obras correspondentes os proxectos de do reforzo da capa de rodadura do firme de diversas rúas nas parroquias do termo municipal de Vigo, por lotes e polo procedemento aberto e tramitación ordinaria.

**SEGUNDO:** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación das obras correspondentes os proxectos de mantemento e conservación do reforzado da capa de rodadura do firme de diversas rúas nas parroquias do termo municipal de Vigo, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de xullo de 2013.

**TERCEIRO:** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras correspondentes os proxectos de mantemento e conservación do reforzado da capa de rodadura do firme de diversas rúas nas parroquias do termo municipal de Vigo, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de xullo de 2013.

**CUARTO:** Autorizar o gasto por un importe máximo de 639.345,89 € ive incluído establecendose dous lotes cos seguintes importes:

Lote nº 1:

LOTE	CALLE	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN
1	BAIXADA PONTE NOVA	26.620,42
1	CAMIÑO ROMEU	24.519,19
1	ESTRADA FRAGOSELO	73.213,40
1	ESTRADA MONTE ALBA	61.191,09
1	RÚA LEONARDO ALONSO	18.201,23
1	RÚA PORTOLOUREIRO	29.952,99
1	RÚA SAA	78.268,63

Importe lote 1: 311.966,95 €

Lote nº 2

2	AVDA DO TRANVÍA	106.317,35
2	CAMIÑO ARIEIRO	12.283,16
2	CAMIÑO RAPOSEIRA	50.783,13
2	CEIP CARBALLAL	6.082,59
2	RÚA DOUTOR CORBAL	52.879,87
2	RÚA GOLETA	24.113,29
2	RÚA SEVERINO COBAS	74.919,55

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento da area de Vías e Obras, da partida 1550.210.00.05 "Mantemento viario no rural", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a doce de agosto do ano dous mil trece.



V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.